

XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 22 DE SETEMBRO DE 2017

Apróbase/Acórdase por asentimento¹:

1. A acta da reunión ordinaria do día 9 de xuño de 2017.
2. Os novos procedementos de Xestión de Persoal -(PE) -PE-01 P1, Xestión do PAS (índice 04) e PE-02 P1 Xestión do persoal docente e investigador (índice 04)- e o Procedemento DO-0201 P1 Planificación e desenvolvemento da ensinanza (índice 05).
3. A toma en consideración da reforma do Regulamento de prácticas externas do Mestrado universitario en Avogacía.
4. A toma en consideración da proposta de reforma das Instrucións e procedemento para racionalizar os horarios dos estudos do Grao en Dereito.
5. A renovación da Comisión de Calidade e da Comisión de Recoñecementos e Validacións (Sector alumnado).
6. A seguinte delegación de competencias na Comisión Permanente:
 - a) As solicitudes de informes sobre avaliación da actividade docente para o recoñecemento de quinquenios.
 - b) A avaliación e, no seu caso, a inclusión na programación de extensión universitaria do centro das solicitudes que se presenten á convocatoria de axudas para actividades extraacadémicas e de difusión cultural para o ano 2018.
7. A renovación da Prof.^a Dr.^a Lourdes Borrajo Diz como coordinadora do Grao en Dereito e da Prof.^a Dr.^a María Dolores Fernández Fustes como coordinadora académica do Mestrado universitario en avogacía.

Ourense, 22 de setembro de 2017



Concepción Martínez Martínez
Secretaria da Facultade de Dereito

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 22 de setembro de 2017, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios e na web da Facultade o día 25 de setembro de 2017.

Concepción Martínez Martínez
Secretaria da Facultade de Dereito

Contra os presentes acordos, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Consello de Goberno de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹ Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.